



Ref. Urbanismo/Srs.

ASUNTO: SOLICITUDE INFORMACIÓN SOBRE UNHA VIVENDA SITUADA NO FIUNCHAL, O CON, TIRÁN, MOAÑA, PROPIEDAD DE EVA CÁRDENAS BOTAS

INTERESADO: MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ

EXPEDIENTE: 2306/2021

O 16 de maio de 2022, co nº rexistro RE-1869, Vde. solicitou novamente información sobre unha vivenda situada no Fiunchal, O Con, Tirán, Moaña, propiedade de Eva Cárdenas Botas.

Con relación a esta, comunicámoslle que está finalizado o trámite de audiencia outorgado á interesada e emitido o informe xurídico solicitado sobre as alegacións presentadas. No dito informe figura expresamente que *“procede facilitarlle o acceso á información da seguinte maneira:*

1º.- Facilitándolle a D. Miguel Ángel Delgado González copia da información solicitada, aínda tachando desta calquera dato persoal como nome, apelidos, estado civil, enderezo, orzamentos, nomes de profesionais, así como información económica pero sen eliminar os planos ou proxectos profesionais...”.

Na súa consecuencia, poñemos á súa disposición os tres expedientes que mencionamos relativos á parcela situada no Igrexario nº 183, Tirán, Moaña (referencia catastral nº 36029A059000970000IW) cuxa titular é Eva Cárdenas Botas. En concreto:

- Unha comunicación previa para reforma interior dunha vivenda (expediente nº 283/18)
- Unha licenza de obra para construción de piscina e muro de contención (expediente nº 97/19)
- Unha comunicación previa para cerramento de parcela (expediente nº 185/19)

En cada un dos expedientes consta toda a documentación necesaria para a súa autorización (informes técnicos e/ou xurídicos, informes/autorizacións sectoriais...). Canto á copia dos expedientes administrativos abertos na dita propiedade con anterioridade, para a busca de expedientes no arquivo municipal é preciso identificar a persoa promotora deste e/ou número de expediente. Sen estes datos non é posible realizar a busca.

Canto á copia da escritura de concesión do cambio de titular de dominio e servidume de paso da dita parcela, de existir este documento e estar presentado no Concello de Moaña, habería que identificar en que expediente figura, para o que debería detallar novamente a persoa promotora e/ou número de expediente para poder localizalo no arquivo municipal.

Lembramos nuevamente da necesidade de aboar as taxas municipais de busca de documentos e pagar 18 € por cada un dos expedientes solicitados (segundo a Ordenanza fiscal reguladora das taxas por expedición de documentos administrativos, BOPPO nº 250, do 30.12.04) . O pagamento débese realizar na ORAL, para o que lle proporcionamos o seu teléfono -886 14 46 30- e o seu correo electrónico [-moana.oral@depo.es-](mailto:moana.oral@depo.es), por se lle facilita a tarefa). Estas taxas deben constar aboadas no expediente antes de autorizar o acceso.





Polo todo o exposto, pode pórse en contacto co departamento de Urbanismo (no noso teléfono 986 31 01 00, extensión 4) para propor unha data para acudir ao Concello (de luns a venres, entre as 10 h e as 13 h) para concordar a consulta dos expedientes mencionados.

Moaña, data segundo a da sinatura electrónica
A alcaldesa

Leticia Santos Paz
Documento asinado dixitalmente na marxe

MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ

PLATAFORMA EN DEFENSA DEL SECTOR MARÍTIMO PESQUERO DE GALICIA

